



Moción que presenta o Grupo Municipal de Terra Galega, para a inclusión na orde do día do próximo pleno, para o seu debate e aprobación ao abeiro do establecido na lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real Decreto 2568/1986, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, artigo 97:3:

**MOCIÓN PARA QUE SE CUMpra A ACCESIBILIDADE NO EDIFICIO UBICADO NO Nº 2 DA R/ EDUARDO BLANCO AMOR, E TAMÉN PARA DISPOÑER DE COPIA DAS CESIÓNS DE TERREO PRIVADO QUE SE VAI OCUPAR COAS OBRAS DE REURBANIZACIÓN DA CONTORNA DO COLEXIO A CRISTINA**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

O 23/05/2018 foi formalizado o contrato de obras de “Reurbanización zona CEIP A Cristina” (OBR 33/2017) por 284.117, 23€ sen IVE a LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A.

No expediente de dita obra constan informes favorables do enxeñeiro técnico municipal, e tamén do arquitecto técnico municipal.

O informe do enxeñeiro técnico municipal foi asinado o 19/07/2017, e no seu apartado 3.4. Accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, figura o seguinte: “Incorpóranse as determinacións da accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas no apartado 11 Accesibilidade. Orden VIV 561/2010. Decreto 35/2000, del 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia”.

O informe asinado o 16/10/2017 polo arquitecto municipal recolle o seguinte: “Tal e como se indicou con anterioridade, as 3 obras parciais localízanse no mesmo ámbito de actuación do proxecto e melloran substancialmente o funcionamento do ámbito no referente á accesibilidade e mobilidade peonil”.

No informe de Intervención e Secretaria, no apartado antecedentes , figura o seguinte:

“Segundo.- Por el redactor del Proyecto no se realizó Acta de replanteo previo de la obra. En el Expediente consta informe favorable de supervisión del ingeniero técnico municipal, Don José Manuel Facal Fariña de 19/07/2017 en el que se indica que “.as actuacións a executar realízanse en terreos de titularidade municipal pertencentes ao sistema viario e terreos do sistema viario da Deputación de A Coruña. Na tramitación dos expedientes de contratación referentes a obras de infraestructuras hidráulicas, de transporte e de estradas, dispensarase do requisito previo de dispoñibilidade dos terreos,



aínda que a ocupación efectiva daqueles deberá ir precedida de formalización da acta de ocupación”.

Tal e como se están executando ás obras, o acceso ao edificio ubicado no nº 2 da r/ Eduardo Blanco Amor queda máis elevado respecto á beirarrúa do que estaba antes, incumpríndose así a normativa sobre accesibilidade.


Por outra banda, no informe emitido polo enxeñeiro técnico municipal o 19/07/2017 consta que “as actuacións a executar realízanse en terreos de titularidade municipal pertencentes ao sistema viario e terreos do sistema viario da Deputación de A Coruña”. O grupo municipal de Terra Galega xa advertimos fai meses que esa obra ocupa parte do polígono UU-R20 que está sen desenvolver.

En virtude de todo o anteriormente exposto, e dado que é máis que evidente que a execución destas obras non se corresponde có recollido nos informes técnicos (adxuntamos fotos), o Grupo Municipal de Terra Galega, solicita ao pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

1.- Que se realicen as obras necesarias de adecuación para garantir o cumprimento da normativa sobre accesibilidade no edificio situado no nº 2 da r/ Eduardo Blanco Amor.

2.- Se nos facilite, aos grupos municipais da Corporación do Concello de Carballo, copia das cesións anticipadas do terreo privado onde se vai executar parte destas obras de reurbanización da contorna do CEIP A Cristina.

Carballo a, 14 de novembro de 2018



Asdo.: Estefanía Canosa Castiñeira

Voceira do Grupo Municipal de Terra Galega

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARBALLO**







